



A Esgueva – Roade (Santo André) - Sobrado, 1980-01

Informantes: Carmen (84) e Flérida (55)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcrición: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

[Xan Quitán] quere casare
non ten muller buscada;
ándalle facendo as beiras
á filla da tía Xuana.

“Boas noites, tía Xuana,
¿dónde lle vai a rapaza?”
“Vai buscar o ghas pra noite,
xa parece que me tarda”.

Dalí a un pouquiño, pouco,
entrou pola porta pra dentro:
“Boas noites, Xan Quintán-he
tráigote no pensamento”.

- Eu xa non me acordo de máis. Ela acórdase.

O ghai, ghai, ó ghai ghai
o que esborrexe e non cai.
E esborexín e caín
e levanteime e dixer: “Ai”.